

UNIDADES DIDÁCTICAS DE ENSINO PRIMARIO  
CULTURA E TRADICIÓN DE GALICIA

CADERNO Nº 5

# ANTIGOS OFICIOS




RAMÓN PICO

## A VIDA DOS NOSOS ANTEPASADOS

Hoxe, cando queremos mercar calquera cousa, imos á tenda, ó supermercado ou ó hipermercado e xa a temos,. pero esto é así dende hai só uns poucos anos.

Antigamente en Galicia a inmensa maioría da xente vivía en aldeas e pequenos pobos e a penas había tendas. Moitas das cousas que necesitaba xa as producía na casa: a maioría dos alimentos cultivábaos ou obtíñaos da cría de animais. As cousas que non producía, como os zapatos, as ferramentas ou os mobles, tiña que mercalas na feira ou encargarlhas a un artesán.

Nos pobos galegos había moitos artesáns. Os ferreiros facían as ferramentas para os campesiños, os zoqueiros facían os zocos e as zocas, os canteiros tallaban as pedras para as construcións...



*As teas para face-la roupa tecíanse nos teares que había en moitas casas. Usábase o liño e a la.*

Cando comezan as fábricas a producir en serie, en grandes cantidades e máis barato, moitos destes oficios foron desaparecendo. Hoxe xa quedan moi poucos artesáns.

Nesta unidade imos ver algúns destes oficios

# ANTIGOS OFICIOS

MOITOS XA CASE DESAPARECIDOS

## A PALILLEIRA

Este é un oficio que ten moita tradición pola zona da Costa da Morte.



As palilleiras fan os *encaixes de bolillos*, que en toda Galicia se coñecen como "*encaixes de Camariñas*", aínda que sexan feitos noutros lugares. Este tipo de encaixes tamén se fai noutros sitios de España.

Os encaixes son tecidos en forma de rede chea de debuxos, lixeira e transparente, de gran valor, que se usa normalmente como adorno para outras teas.



Para face-lo encaixe, son necesarias dúas cousas: a *almofada* e os *palillos* ou *bolillos*.

A *almofada* faise cun feixe de palla armado con dous paus e envolto todo nun pano ben tenso. Pola parte superior sobresaen os dous paus, e dun deles cólgase unha bolsiña para os alfinetes, tesoiras, etc. Pola parte onde van roza-los palillos e as mans da palilleira, ponse un anaco de pel de ovella.




Os *palillos* ou *bolillos* son unhas pezas torneadas de madeira de buxo, duns dez centímetros de longo, algo máis grosos pola parte de abaixo, para que fagan peso. Nos bolillos ponse o fío co que se vai traballar.

Tamén son necesarios o cartón co debuxo do encaixe que se vai facer e os alfinetes, que van picando todo o debuxo.

## PEQUENA HISTORIA

Non é un oficio moi antigo. En Galicia ten menos de catrocentos anos. Xa se coñecía en Italia e Flandes (Holanda, Bélxica...) no século XV. De aí suponse que pasou a España e tamén a Galicia no XVI. No XVII xa eran famosos os encaixes de Camariñas e os doutros lugares de España.

Antigamente as palilleiras adoitaban reunirse na casa dunha delas para traballar e charlar. Alí ían os mozos para "facerlle as beiras" ás palilleiras.



Típicos debuxos dos cartóns que se usan nos encaixes de Camariñas.

# O AFIADOR E A RODA


É un dos oficios máis tipicamente galego. Case tódolos afiadores proceden da provincia de Ourense, máis concretamente, do concello de Nogueira de Ramuín.

Os afiadores non tiñan un lugar fixo de traballo. Ían dun sitio a outro percorrendo o mundo sempre coa súa *roda*.

A roda do afiador vai montada sobre unha estrutura de madeira e funciona polo movemento do *cegoñal* e o *tirapé*, transmitindo o movemento á *pedra de afiar* por medio dunha correa.



Leva á parte un ou dous caixóns onde se gardan as ferramentas: os alicates, o martelo, a bigornia...

## A RODA DO AFIADOR



Cando non se traballa coa roda, quítaselle a correa e cóllese por dúas patas a así pódese levar dun lado a outro.


O traballo do afiador consistía (e aínda consiste) en ir dun pobo a outro arranxando coitelos, navallas, tixeiras, tixolas, caldeiros, paraugas, etc. e avisando da súa presenza polas rúas tocando o *chifre*, unha especie de frauta.



Típico *chifre* dos afiadores, feito en madeira de buxo.

Hoxe en día os afiadores que quedan xa non usan a roda. Foi substituída por unha motocicleta adaptada para move-la pedra de afiar.

# O FERREIRO E A SÚA FORXA



É este un oficio moi antigo, máis de dous mil anos, cando Galicia entra na "Idade do ferro".


Os ferreiros foron os encargados de face-las ferramentas que logo usarían as demais persoas, en especial os campesiños: coitelos, fouces, gadañas, sachos, rellas de arado, tixolas...

O lugar de traballo do ferreiro é a *forxa*.


Dentro da forxa o elemento principal é a *fornalla*, onde quenta o ferro co carbón ardendo. Para que arda mellor, bótalle aire co *fol*.

Unha vez candente o ferro, trabállase sobre a *zafra* cos *martelos* e as *tenaces de lume*. Tamén usa outras ferramentas para cortar como as *tenaces de corte* ou a *talleira*, e para facer furados usa o *berbiquí* e o *banco de barrenar*.


Hoxe hai poucos ferreiros, pois as ferramentas e os cacharros de cociña fanse na moderna industria. Reparán algunhas ferramentas e fan traballos de tipo artístico, como as cancelas de ferro.



Fornalla co fol e pío de auga



Zafras



Martelo, dúas tenaces e talleira

# OS ZOQUEIROS


Este oficio, hoxe xa practicamente desaparecido pola fabricación de calzado en serie, tivo moita importancia ata mediados do século XX.

Hai dous tipos de zoqueiros: os que fan zocos ou *chancas* e os que fan zocas.


Os zocos ou *chancas* son un calzado que ten o piso de madeira e o resto de coiro. O zoqueiro fai o piso do zoco de madeira usando o serrón, a machada, a aixola e algunha trencha, dándolle unha forma que se adapte ó pé, cun rebaixe todo ó redor para poñer a peza de coiro ou *empeña*.



ZOCOS



ZOCAS




Distintas fases na fabricación dunha zoca, dende o tronco de madeira ata a zoca xa rematada.




As zocas son totalmente de madeira. Para facelas, normalmente traballan dous zoqueiros. Un corta a madeira, de bidueiro ou de ameneiro, e vaille dando a forma de fóra, usando o *machado* e a *aixola*, no *burro de desbastar*. Unha vez feita por fóra pásalla ó outro, que a asegura con cuñas no *burro de escavar* e vai facendo o oco do interior coas *trades*, as *gubias* e as *legras*. Feito o oco, repásase coa *coitela* e o *revocador*, para que quede lisa por dentro e, se se quere, fáiselle uns debuxos cunha *trencha pequena*, o *repinisco*. Pódense deixar na cor natural da madeira ou tinguirse de negro co mesmo tinte dos coiros.


Na actualidade aínda queda algún zoqueiro, pero as zocas xa case non se usan. Só como adorno.




aixola



trade



gubia



legra ou llerga



revocador



repinisco




Facendo o oco da zoca no burro de escavar

# AS LEITEIRAS

A figura da leiteira, hoxe totalmente desaparecida, era das máis coñecidas ata hai non moitos anos. As industrias de transformación e distribución dos produtos lácteos e os modernos medios de transporte fixeron desaparecer esta figura tan familiar nas rúas ata principios dos anos sesenta do pasado século XX.

As leiteiras eran señoras que vivían preto das cidades e tiñan vacas que producían o leite. Tódalas mañáns, moi cedo, muxían as vacas e traían o leite na *caldeira*, que levaban sobre a cabeza, á cidade. Viñan andando, normalmente na compañía doutras persoas, e alí xa tiñan unha serie de casas que eran clientes fixos, ás que lles servían o leite, que medían coa *medida*, unha especie de cazolo que sempre levaban.

Se lles sobrava leite, pregoábano pola rúa. En A Coruña dicían algo así como: “*¿Quer pri bo leite?*” (“*¿Queren por aquí bo leite?*”), e en Santiago dicían “*¿Quen merca o leite?*”



Tipos de caldeiras e medida.



# MUIÑOS E MUIÑEIROS


Agora, cando queremos pan imos á tenda e mercámolo; pero ata hai menos dun século a maioría da xente vivía en aldeas e pobos pequenos, e alí o pan, normalmente, facíase na casa.

Os agricultores cultivaban o millo, o trigo ou o centeo, segundo as zonas; e, unha vez colleitado, tiñan que moelo para face-la fariña.

Preto dos pobos e aldeas sempre había un muíño. O típico muíño galego é o de auga, aínda que tamén os había de vento e incluso de mar. Hoxe xa a penas quedan muíños destes tipos, pois o gran móese en muíños eléctricos.

O máis importante dos de auga é o de rodicio. Para funcionar, facíase unha presa no río, e canalizábase a auga pola *canle*, caendo cun forte desnivel sobre unha roda de madeira con aspas posta horizontalmente, o *rodicio*, que transmite o movemento á roda de moer ou *moa*, a de arriba, pois a de debaixo, o *pé*, é fixa.

Esquema dun muíño de rodicio




- 1.- Moega (onde se bota o gran)
- 2.- Quenlla ou adella
- 3.- Ollo
- 4.- Moa ou capa
- 5.- Pé
- 6.- Beo
- 7.- Vara
- 8.- Rodicio
- 9.- Rá
- 10.- Canle

As aceas eran muíños nos que en lugar de rodicio tiñan unha roda en sentido vertical que cun engranaxe transmitía o movemento á moa, en sentido horizontal.

Os muiñeiros normalmente vivían no propio muíño, no piso de arriba. A xente leváballes o gran en sacos e eles íano moendo para entregarlles despois a fariña.

Raramente cobraban en diñeiro. Cunha medida chamada *maquía* collían unha parte do gran, e esa era a súa forma de cobrar.

Os muíños sempre foron lugares de reunión para os veciños pois cando ían moer moitas veces quedaban de *leria* e de *troula*, sobre todo os mozos e mozas, cantando e bailando ata ben entrada a noite. Estas reunións eran as "*muiñadas*".



# OS CANTEIROS

É un dos oficios máis antigos, de fonda tradición en Galicia que aínda hoxe, xa con outras técnicas, perdura e ten bo futuro.



Grandes catedrais, mosteiros, igrexas, pazos, casas... son obra dos canteiros.

O traballo do canteiro comeza extraendo a pedra na canteira e logo, no obradoiro, vana traballando coas ferramentas. Como a pedra que abonda en Galicia é o granito, moi dura, o traballo dos canteiros era lento e pesado, pois traballábase manualmente, e cortar un bloque podía levar días.

Hoxe, coa moderna maquinaria, xa é moito máis doado.

## PEQUENA HISTORIA


Xa hai miles de anos en Galicia traballábase a pedra, nos *petroglifos*. En tempos dos romanos fixéronse pontes, acueductos, casas... pero cando colle a maior importancia este oficio é no século XII, na época da arte *románica*, cando se constrúe a Catedral de Santiago,

que servirá de modelo durante moitos anos a outras construcións.

Outro gran momento de expresión artística, onde a alma de Galicia é trasladada á pedra, foi nos séculos XVII e XVIII coa arte *barroca*.

Se as grandes obras como catedrais e mosteiros foron dirixidas por grandes mestres, tamén houbo canteiros que facían o seu traballo seguindo o seu saber e o seu sentimento nas obras máis populares, como os cruceiros e os hórreos.

### Principais ferramentas dos canteiros:



Sen dúbida, o auténtico e máis grande arte de Galicia é obra dos canteiros.

¿Sabiades que entre os canteiros usábase unha lingua propia, que só eles coñecían? É o chamado "*latín dos canteiros*".

Aquí tes algunhas palabras en "*latín dos canteiros*" e a súa traducción

*camarrulo*: martelo

*marañó*: bacallao

*chumeiro*: viño

*ñurrear*: pelexar

*esguilodeira*: navalla

*racha*: noite

*mainel*: bigote

*xabeca*: cabeza

*xeba*: nai

*humán*: home

# OS OLEIROS OU ALFAREIROS


O traballo dos alfareiros ou oleiros é dos máis antigos que se coñecen. Dende a prehistoria o home necesitou cacharros para gardar moitos produtos, nacendo a alfarería case ó mesmo tempo que a agricultura.

Ata hai poucos anos había en Galicia moitísimas zonas de gran tradición na fabricación de cerámica popular. A moderna industria foi facendo desaparecer estes obradoiros artesáns e xa quedan moi poucos, como os de Buño e Niñodaguia.

Para fabrica-las pezas o primeiro é extrae-la arxila ou barro das *barreiras*, despois no obradoiro bótaselle auga, amásase e machácase con mazos. A continuación fanse as pezas no torno: *cuncas, olas, xerras, botixos, cazolas...*

O tipo de torno que máis se emprega é o de pé, formado por dúas rodas unidas por un eixo: unha grande que se move co pé e outra máis pequena, onde se pon a arxila que, ó ir dando voltas, vai collendo a forma que se quere traballándoa cos dedos mollados.

Feita-las pezas, déixanse secar e a maioría vídrianse; logo, cócense no forno. Por último, lévanse á feira para vender.



# OUTROS OFICIOS


Ademais dos oficios artesáns vistos ata agora, houbo moitos máis, algún desaparecido totalmente. A outros pouco lles falta.

Aquí tedes algúns:


-Os *cesteiros*.- Facían cestos e cestas das máis variadas formas e tamaños, con tiras de madeira ou varas de vimbio. Como os canteiros, tiñan unha linguaxe propia.



-Os *cordeiros*.- Fabricaban as cordas necesarias nos traballos do campo e no mar. Usaban moitos tipos de materiais: algodón, cáñamo, liño, e incluso as crinas de cabalos e eguas.




-O *augador*.- Andaba por feiras e vilas no verán cunha *garrafa* metálica cuberta de cortiza vendendo "auga de limón".



-Os *toneleiros*.- Ademais de toneis, pipotes e cubas, tamén facían as sellas para a auga, en madeira de carballo ou de castiñeiro.









-O *matachín*.- Non era realmente un oficio, pois o normal é que non cobrara. O seu traballo consistía en matalos porcos pola época da matanza (de novembro a febreiro máis ou menos).

-O *albardeiro*.- Facía, compoñía e vendía obxectos de coiro, sobre todo albardas para as bestas de carga; pois como non había coches, o pequeno transporte facíase todo con animais.



-O *carpinteiro de ribeira*.- Facía as embarcacións que necesitaban os mariñeiros. Hoxe quedan poucos, pois as lanchas fanse de fibra, en fábricas.

-O *fragueiro, o rodeiro e o xugueiro*.- Facían, respectivamente, os carros de vacas, as rodas e os xugos.



Estos son só algúns oficios típicos de Galicia, pero hai moitos, moitísimos máis, que para nada son menos importantes. Imos nomear algúns outros:

-Tecedoras, costureiras, xastres... e tódolos oficios que tiñan que ver coa roupa. Facían as teas nos teares, os vestidos e os traxes.

-Carboeiros.- Facían o carbón vexetal que despois se usaría nas forxas e noutros sitios.


-Latoeiros.- Traballaban coa folla de lata facendo gran cantidade de utensilios: alcuzas para o aceite, candís, medidas, funís...

-Ouribes e azibecheiros.- Dedicábanse a facer xoias. Os azibecheiros traballaban o azibeche. Eran (e son) famosos os de Santiago.

-Redeiras.- Reparaban as redes dos pescadores.

-Lavadeiras.- Lavaban no río a roupa doutras persoas.

-Fogueteiros.- Facían os foguetes das festas.



-Augardenteiros.- Nas zonas productoras de viño ían co seu alambique para face-lo augardente.

-Constructores de instrumentos musicais, como gaitas e zanfoñas.

... e carpinteiros, pedreiros, forneiros, caleiros, curtidores, mineiros, feirantes, zapateiros, encuadernadores, talladores de imaxes, zarralleiros, cantorleiros...

# ACTIVIDADES

1.-Enumera algunhas cousas e traballos que se facían antigamente nas casas e hoxe xa non se fan: .....

.....

2.- Contesta estas preguntas:

a/-¿Por que desapareceron moitos oficios artesáns? .....

.....

b/-¿Que fan as palilleiras? .....

c/-¿Como se consegue que funcione a pedra de afiar na roda do afiador? .....

.....

d/-¿Cal é o elemento principal da forxa? .....

e/-¿Con que ferramentas traballa o ferreiro? .....

.....

f/-¿Con que ferramentas se fai o oco das zocas para mete-lo pé? .....

.....

g/-¿En que se distinguen as aceas dos muíños de rodicio? .....

.....

3.- Debuxa aquí un zoco e unha zoca

*Zoco*

*Zoca*

¿En que se diferencian? .....

.....

4.- Fíxate no esquema dun muiño na páxina 10 ¿Como farían os muiñeiros para subir e baixar un pouco a *moa* ou *capa* e así moer máis ou menos fino? .....

5.- Une cada ferramenta co oficio correspondente:

Gubia

Maceta

ZOQUEIRO

Legra

Zafra

Talleira

CANTEIRO

Cinzel

Trade

Chumbo

FERREIRO

Tenaces

6.- Completa os ocos coas palabras que faltan:

Os canteiros sacaban as pedras das ..... e logo a traballaban no ..... usando as seguintes ferramentas:

.....  
A pedra usada nas grandes obras era o .....

Houbo dúas épocas nas que se fixeron moitas grandes obras en pedra: o século ....., coa arte ..... e os séculos ....., coa arte .....

Para que a xente non se enterara do que falaban os canteiros, estes tiñan unha lingua propia, o .....

## 7.- Une co oficio correspondente

Vendían o leite	Toneleiros
Moían o gran	Cesteiros
Facían cestas	Muiñeiros
Facían sellas	Leiteiras
Fabricaban cordas	Matachíns
Mataban os porcos	Cordeleiros
Traballaban co coiro	Carpinteiros de ribeira
Facían barcos	Albardeiros
Facían o carbón vexetal	Afiadores
Reparaban as redes	Azibecheiros
Tallaban o azibeche	Redeiras
Afiaban os coitelos	Carboeiros

Investiga.- Nos últimos oficios da páxina 17 non se explica nada. Tes que averiguar cal era o traballo de zarralleiros e de cantorleiros (unha pista: non construían, só arranxaban).

.....

.....

.....

Fai un debuxo alusivo a un destes oficios: